Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

VISTO o informe emitido polo Inspector da Policía Local de data de 05/01/2017 no que solicita que se fagan as xestións necesarias para a contratación laboral temporal de oito postos de auxiliar de Policía Local durante seis meses para poder garanti-la operatividade do corpo.

VISTA a autorización da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para realización destas contratacións ó abeiro do artigo 95 da Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación de Policías Locais de Galicia.

Tendo en conta as directrices establecidas no art. 19.Dous da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

CONSIDERANDO as atribucións conferidas polo artigo 21.1. g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril,

Visto canto antecede resolvo:

Primeiro:- Que se proceda á confección dun sistema de lista na que figuren os aspirantes que cumpran cos requisitos establecidos nestas bases para a provisión con carácter laboral temporal de auxiliares de policía local atendendo ós termos que refire o artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril de Coordinación de Policías Locais, para a contratación de, cómo máximo, 8 auxiliares de policía local durante o exercizo 2017.

Segundo:- Para darlle publicidade a este proceso de selección, insertarase un anuncio nun dos diarios de maior tirada de Galicia e exporase un anuncio na páxina WEB do concello, no taboleiro municipal de anuncios e en todos aqueles lugares onde se considere oportuno.

Terceiro:- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A contratación farase ó amparo do disposto no apartado 1 a) segundo redacción dada pola Lei 63/1997, de 26 de decembro de Medidas urxentes para a mellora do mercado de traballo e o fomento da contratación indefinida, do artigo 15 do RDLex. 1/1995 de 24 de marzo polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores.

Estarase na selección e contratación ó establecido no RDLex. 5/2015 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 4/2007 de Coordinación de Policías Locais de Galicia, así como o Decreto 243/2008 do 16 de outubro que desenvolve a Lei 4/2007 e a Orde de 28/01/2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para a contratación de auxiliares de policía de tempada, así como a corrección de erros de dita orde, publicada no DOG de 13/02/2009. Asemade tamén será de aplicación o texto refundido da Lei da función

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible
CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo así coma a Lei 2/2009, de 23 de xuño, de modificación desta Lei.

Cuarto:- REQUISITOS DOS CANDIDATOS.

Para poder tomar parte no Concurso será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos segundo o establecido no artigo 56 do RDLex 5/2015 texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e nos artigos 35 e 95 da Lei 4/2007 de Coordinación de Policías Locais de Galicia :

A) Pertencer a calquera dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega.

B) Os estranxeiros que non pertenzan a algún dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ó que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.

C) Ter cumpridos os 18 anos.

D) Posuí-la titulación que sexa esixible para o acceso ós funcionarios do grupo C2, como mínimo o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

E) Non ter sido condenado/a por delito doloso, ni estar inhabilitado/a para el exercizo das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, sen embargo, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

F) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das función propias do posto de traballo para o que se opta; acreditarase mediante certificado médico oficial expedido en papel timbrado, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, ademais de que non padece, o aspirante, enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Os aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ó señor Alcalde-Presidente no Rexistro Xeral do Concello de Boiro en horario de atención ó público durante o prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de convocatoria no diario correspondente. No caso de ser presentadas por correo ou noutros rexistros, e a efectos de poder realiza-lo seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante algunha das seguintes opcións:

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible

CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

1.- Por fax dentro deste prazo (nº de fax 981.84.40.08)

2.- Correo electrónico dirixido a persoal@boiro.org

As instancias irán acompañadas da seguinte documentación (copias compulsadas ou orixinais):

- Copia do DNI.

- Copia da titulación que acredite a titulación que sexa esixible para o acceso ós funcionarios do grupo C2.

- Certificado médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios que se especifican nas probas.

- Título ou certificado que acredite o coñecemento do idioma galego.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Quinto:- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Estará formado por un Presidente e un secretario e por tres vogais designados pola Alcaldía na mesma Resolución pola que se aproba a lista de persoas admitidas e excluídas. Todos os vogais deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñe-la incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

Sexto:- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:

A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de candidatos admitidos e a

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible
CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, fixará tamén a data, hora e lugar na que deberá constituírse o tribunal, así como data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI, documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo tribunal.

Por non ser de obrigatoria a súa publicación, os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, si eso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, exporanse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, ó menos con 48 horas de antelación.

Sétimo: FORMALIZACIÓN DA LISTAXE PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS:

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de listaxe de contratación por orde decrecente da puntuación total final (suma de puntuación obtida na proba de coñecementos e toponimia), que determinará a orde de prelación para a súa contratación.

Esta listaxe aprobarase e quedará definitivamente constituída por Resolución de Alcaldía coa vixencia especificada na base primeira desta convocatoria. Os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

1.- Por ser un grupo con infrarrepresentción do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2016, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónomo de Galicia en materia de Igualdade, preferencia da muller respecto do home.

2.- Mellor puntuación obtida no primeiro exercizo.

3.- Mellor puntuación obtida no segundo exercizo.

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible
CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

Oitavo: LISTAS DE CONTRATACIÓN. PROCEDEMENTO PARA O SEU CHAMAMENTO:

a) Chamamento:

1. Producida a necesidade de contratación laboral temporal dun posto de traballo de auxiliar de policía local, o departamento de persoal avisará á persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista lle corresponda ser contratada. No caso de que esta persoa non estea dispoñible ou renuncie a ocupar o posto de traballo seguirase o chamamento segundo o orde de prelación establecido na lista.

2. As comunicacións faranse por escrito de xeito que permita a constancia da recepción. Asemade poderase avisar por teléfono ao interesado para que recolla a comunicación en persoa. Este aviso telefónico será feito en presenza dunha testemuña e ,en todo caso , quedará constancia da data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia estendida ao efecto.

b) Os chamamentos ós aspirantes:

1. Os chamamentos faranse polo medio máis urxente, que permita a constancia da recepción destes.

O chamamento poderase facer telefonicamente en supostos de urxencia, cando a súa non cobertura por esta forma puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8 horas e as 15 horas, e o funcionario que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta. Estes chamamentos poderán realizarse en presenza dunha testemuña.

Os integrantes das listas que, sendo chamados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, segundo o disposto neste artigo, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán, agás que se trate de causa de forza maior, os seus dereitos quedando excluídos da lista. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, agás que fose para atender outro chamamento para unha vacante.

Procederá a suspensión dos chamamentos sen penalización algunha á petición do interesado e sempre que o xustifique suficientemente nos seguintes casos:

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible
CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

-Maternidade ou adopción legal

-Exercicio de representación sindical ou cargo público electo.

-Matrimonio

-Falecemento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

-Coidado de fillos menores de 3 anos ou dun familiar ata o 2º grao consanguinidade ou afinidade que non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividades retribuídas.

-Calquera outra que a Comisión de Selección considere de forza maior.

Noveno:- O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Para o non previsto nas presentes bases aplicarase a normativa referente ó ingreso de persoal das Administración Públicas.

Décimo:- Da presente resolución darase conta ó Pleno da corporación na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice.

ANEXO

BASES PARA CONFECCIONAR UNHA LISTA PARA A COBERTURA TEMPORAL DE ATA UN MÁXIMO DE 8 PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL DURANTE O EXERCIZO 2017.

1º .-OBXECTO:

A regulación do procedemento para a cobertura con carácter laboral temporal de postos de auxiliar de policía local que desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio ós membros do corpo de Policía Local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade, atendendo ós termos que refire o artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril de Coordinación de Policías Locais.

As contratacións realizaranse ó longo do ano natural 2017 en función das necesidades

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible
CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

deste municipio en determinados períodos estacionais (sendo un máximo de contratacións de 8 auxiliares de Policía Local cunha duración máxima de seis meses cada unha para o ano 2017).

Esta listaxe terá unha duración máxima de ata o 31/12/2017, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Concello poida acorda-la súa extinción mediante a convocatoria dun novo proceso selectivo.

2º .- NÚMERO MÁXIMO DE INTEGRANTES DA LISTA:

Atendendo á previsión de mobilidade de persoal establécese un número máximo de 12 candidatos.

3º.- SISTEMA DE ACCESO:

O sistema de acceso é o de oposición libre.

4º.- PROBAS SELECTIVAS:

Realizaranse segundo o establecido na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

4º.1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

-Comprobación da estatura.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

-Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

4.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible

CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarase en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 ANOS	37-48 ANOS	49 ANOS OU MAIS
HOMES	41 cm	33 cm	29 cm
MULLERES	32 cm	28 cm	25 cm

4.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo. O/a aspirante colocarase na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé. Só se permite un intento. O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 ANOS	37-45 ANOS	46 ANOS OU MAIS
HOMES	4´30´´	5´00´´	5´15´´
MULLERES	5´00´´	5´30´´	5´45´´

4.2. Proba de coñecementos.

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible
CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no punto 5.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: N= (A-F/3)/5.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas;

F= preguntas erradas ou non respostadas.

4.3. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

4.4. Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoos ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou no apto.

Sen embargo, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredite ter, como mínimo o CELGA 3, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

5º) TEMARIO.

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible
CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.

8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de

motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento.

Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible

CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

6º) RELACIÓN DE APROBADOS/AS.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborarase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

7º) CURSO DE FORMACIÓN

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policías locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación, en Boiro á data que figura na marxe esquerda.

Boiro, mércores 8 de febreiro de 2017.

O alcalde,

D. Dieste Ortigueira, Juan José

Ante min, o secretario,

D.Núñez Méndez, Dalmiro

FIRMADO POR Juan José Dieste Ortigueira (NIF: 52450681D) (FECHA: 10/02/2017); Dalmiro Núñez Méndez (NIF: 36077387R) (FECHA: 10/02/2017);
Fecha de Decreto: 10/02/2017 - Decreto N: 79/2017
Versin imprimible

CVD: Lsq6MtvBkgxWFtrYNKQ4
Verificable en la Sede Electrnica del Organismo.